

Crónica doutra perda anunciada

Dende hai tempo que escoitábamos que o Goberno de Zapatero non ía incrementar os salarios dos empregados públicos máis aló do 2 % no que calculan a inflación prevista para o ano 2007 (esperemos que atinen máis que este ano).

Nas xuntanzas mantidas hoxe entre representantes do Ministerio de Administracións Públicas (pola mañá Mesa Xeral e pola tarde Mesa do Estado) e os sindicatos máis representativos (CCOO, UGT, CSIF, CIG e ELA) confirmouse o que se viña anticipando. **O pacto acadado entre o Goberno e UGT, CCOO e CSIF, suporá un incremento do 2% do conxunto das retribucións e un 0,75 % engadido, resultante da implementación nas pagas extra dos funcionarios dunha parte do seu complemento específico.**

Na sesión de tarde, coa representación sindical da Administración Xeral do Estado; escenificouse un novo acordo entre os mesmos actores, que suporá engadirle ao anterior un 0,5 % para o fondo de pensións e un 0,3 % para fondos estruturais.

A pesares de que as xuntanzas mantidas teñen o "estatus" de Mesas de Negociación; o certo é que nada se negociou. As posturas viñan pactadas cun guiión establecido previamente; e sobre o que foi imposible facer variación algunha a pesares das propostas da CIG.

A postura da CIG sobre os asuntos plantexados na mesa da Administración do Estado foi a seguinte:

En primeiro lugar manifestamos a nosa queixa por non terse plantexado unha negociación real sobre os asuntos que se levaban á Mesa.

Sobre a oferta económica respostamos que estaba claramente por baixo do IPC interanual (3,7 % en Agosto); ao que había que engadir as perdas acumuladas dende o ano 2004 no que o Goberno PSOE, promete compensar a perda acumulada durante o mandato do PP. Destacando ademais, que no momento actual aínda é máis grave; xa que dase nun contexto no que, tanto a Seguridade Social como os orzamentos do Estado, presentan balances económicos con superavit. (nunha situación de déficit, axcelaríamos como o PP?; consolémonos con que o axuste das nosas retribucións sirven para alimentar ese superavit, xa que ningún partido pensa que poida gañar votos defendendo aos "funcionarios")

Sobre a proposta de inclusión dunha parte do Complemento Específico nas pagas extras, consideramos unha oferta insuficiente (lembremos que hai un ano comprometéranse a facelo en dous exercicios) a de demorar o incremento total ate o ano 2010. Tamén discrepamos do xeito de aplicar o incremento anual; plantexando a posibilidade de negociar incrementos lineais ate ir absorvendo a totalidade do complemento en dous anos.

Respecto da asignación do 0,5 % para o fondo de pensións; propuxemos que estes cartos os aplicasen a incrementos directos nas retribucións básicas; e para o 0,3 % dos fondos adicionais, plantexamos que no seu reparto non se faga discriminación en función do organismo ou ministerio no que estean destinado o persoal afectado.

A maiores da proposta económica, plantexamos a necesidade de eliminar as trabas que impiden que o persoal ao que lle é de aplicación o Réxime Xeral da Seguridade Social poida acceder ás prestacións por Xubilación en igualdade de condicións que os traballadores incluídos neste rexime; eliminando a discriminación existentes na actualidade.

A Coruña a 25 de setembro do 2006.

Elisa Rodríguez Vázquez (Secretaria Sector do Estado)